

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Francisca Gómez Santos, secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

1. Que o día 07 de abril de 2022 a Consellería de Política Social, formalizou un convenio de co-operación educativa coa Universidade da Coruña para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado desa universidade.

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, introducida por exixencias do proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, coa súa modificación en virtude da Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e desenvolvida polo Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, púxose unha especial énfase na realización de prácticas externas polos estudantes universitarios, previndo que os plans de estudos de Grao conterán «toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir», entre a que se mencionan «as prácticas externas» (artigo 12.2), e que «si se programan prácticas externas, estas terán unha extensión máxima de 60 créditos e deberán ofrecerse preferentemente na segunda metade do plan de estudos» (artigo 12.6). Neste mesmo senso, no Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, recoñece de xeito específico no seu artigo 8 o dereito dos estudantes de Grao a «dispor da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares, que porán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á finalidade formativa das mesmas» (letra f) e a «contar con tutela efectiva, académica e profesional no traballo de fin de grao e, no seu caso, nas prácticas externas que se prevexan no plan de estudos» (letra g). Con maior detalle, o artigo 24 do dito Estatuto regula as prácticas académicas externas, as súas clases e as súas características xerais, así como a extensión da súa realización a todos os estudantes matriculados en calquera ensinanza impartida polas universidades ou centros adscritos as mesmas.

Aos efectos de desenvolver a regulación das referidas prácticas académicas externas aprobouse o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, o cal constitúe a norma básica na materia. As prácticas académicas externas configúranse como unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitir aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

No artigo 7 de antedito Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, establece que para a realización das ditas prácticas externas, as universidades e, no seu caso, as entidades xestoras de prácticas a elas vinculadas, formalizarán convenios de cooperación con entidades colaboradoras previstas no seu artigo 2.2, entre elas as entidades públicas.



Os ditos instrumentos de cooperación configuranse como o marco regulador das relacións entre o estudante, a entidade colaboradora e a universidade e, no seu caso, a referida entidade xestora das prácticas, establecendo o dito Real decreto, as estipulacións que os deban integrar.

2. De conformidade co exposto a Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña asinaron un convenio de cooperación co obxecto de establecer o marco de colaboración para a realización de prácticas académicas externas por parte do alumnado da Universidade en diversos centros e dependencias da Consellería, tanto curriculares como extracurriculares. O estudiantado en prácticas non recibirán ningunha contraprestación económica por parte da consellería.

O convenio aplicase a unha serie de titulacións directamente vinculadas cos eidos materiais competencia da consellería:

- Grao en Enfermaría
- Grao en Fisioterapia
- Grao en Logopedia
- Grao en Terapia Ocupacional
- Grao en Educación Social
- Grao en Educación Infantil
- Mestrado Universitario en Discapacidade e Dependencia
- Mestrado Universitario en Xerontoloxía
- Mestrado Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías
- Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria
- Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada
- Mestrado Universitario en Psicopedagogía

O convenio prevé a posibilidade de ampliar o seu ámbito en relación a outras titulacións que garden relación coas prestacións competencia da Consellería de Política Social.

3. Por outra banda, de conformidade co disposto na cláusula décimo sétima, a vixencia do instrumento de cooperación comprende catro anos a contar dende a data da súa sinatura. Así mesmo, a dita cláusula establece a posibilidade de ser prorrogado por outro prazo igual ao establecido de xeito inicial.

4. Así o exposto, os intereses converxentes das partes asinantes manifestado no instrumento de cooperación exclúe o ánimo de lucro que, polo antes exposto, non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.





En atención ao indicado, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, tendo en conta que as partes manifestan a súa intención de continuar a colaboración iniciada o 8 de febreiro de 2018 ao abeiro do réxime establecido no dito instrumento e na antedita normativa de aplicación, fora da natureza contractual, estímase a xustificación da sinatura do dito acordo de prórroga coa exclusión doutras figuras nos mesmos termos recollidos para o antedito instrumento convencional.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

